

FÍSICA e QUÍMICA 3º ESO

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES DE QUIROGA
CURSO: 3º ESO
MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA
DEPARTAMENTO: FÍSICA E QUÍMICA
DATA: 11-5-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles da 3ª avaliación		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
B3.1. Describir a nivel molecular o proceso polo que os reactivos se transforman en produtos, en termos da teoría de colisións.	FQB3.1.1. Representa e interpreta unha reacción química a partir da teoría atómico-molecular e a teoría de colisións.	CMCCT
B3.2. Deducir a lei de conservación da masa e recoñecer reactivos e produtos a través de experiencias sinxelas no laboratorio ou de simulacións dixitais.	FQB3.2.1. Recoñece os reactivos e os produtos a partir da representación de reaccións químicas sinxelas, e comproba experimentalmente que se cumpre a lei de conservación da masa.	CMCCT
	FQB3.2.2. Realiza os cálculos estequiométricos necesarios para a verificación da lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas.	CMCCT
B3.3. Comprobar mediante experiencias sinxelas de laboratorio a influencia de determinados factores na velocidade das reaccións químicas.	FQB3.3.2. Interpreta situacións cotiás en que a temperatura inflúa significativamente na velocidade da reacción.	CMCCT
B3.4. Valorar a importancia da industria química na sociedade e a súa influencia no ambiente.	FQB3.4.1. Describe o impacto ambiental do dióxido de carbono, os óxidos de xofre, os óxidos de nitróxeno e os CFC e outros gases de efecto invernadoiro, en relación cos problemas ambientais de ámbito global.	CMCCT, CSC
	FQB3.4.2. Defende razoadamente a influencia que o desenvolvemento da industria química tivo no progreso da sociedade, a partir de fontes científicas de distinta procedencia.	CMCCT, CSC

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos e instrumentos: Recollida e corrección das tarefas propostas na aula virtual. Comprobación da realización de cuestionarios con autocorrección na aula virtual. Observación diaria da consulta por parte do alumnado dos documentos e vídeos explicativos colgados na aula virtual.</p>
Cualificación final	<p>Farase a media da cualificación obtida na primeira e na segunda avaliación, con decimais, e sumaráselle ata un punto polo traballo realizado na terceira avaliación. Para obter un número enteiro, aplicarase o método de redondeo matemático. O alumnado que non tiña aprobada a 1ª e a 2ª avaliación, realizará actividades de recuperación dos estándares correspondentes, que subirán á aula virtual ou entregarán a través do correo electrónico, e que valerán para recuperar as avaliacións suspensas. Se non se entregan estas actividades, se é posible, realizarase unha proba escrita con preguntas referidas aos estándares da 1ª e da 2ª avaliación nos que figura un grao mínimo de consecución do 100 %, e se non é posible realizarase unha proba virtual das mesmas características a través da plataforma webex ou da aula virtual.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>No mes de setembro realizarase unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que non acadara os obxectivos da materia de forma ordinaria ao remate do curso. Nesta proba realizaranse preguntas referidas aos estándares nos que figura un grao mínimo de consecución do 100% correspondentes á primeira e á segunda avaliación.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os que figuran na programación: no momento no que se suspenderon as clases presenciais o alumno coa materia pendente de 2º ESO xa entregara as actividades de recuperación correspondentes para ter unha cualificación positiva na materia.</p>
	<p>Criterios de cualificación: Os que figuran na programación: no momento no que se suspenderon as clases presenciais o alumno coa materia pendente de 2º ESO xa entregara as actividades de recuperación correspondentes para ter unha cualificación positiva na materia.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os que figuran na programación: no momento no que se suspenderon as clases presenciais o alumno coa materia pendente de 2º ESO xa entregara as actividades de recuperación correspondentes para ter unha cualificación positiva na materia.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Visualización de vídeos explicativos das partes teóricas da materia e de como resolver cuestións e problemas.</p> <p>Realización de cuestionarios na aula virtual.</p> <p>Realización de lecturas relacionadas cos estándares da 1ª e 2ª avaliacións.</p> <p>Realización de tarefas propostas na aula virtual.</p> <p>Intercambio de información, consulta e resolución de dúbidas ou correccións, mediante correo electrónico ou a través da aula virtual.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo alumnado da materia de física e química en 3º ESO ten conectividade.</p> <p>A diario, propónse na aula virtual unha tarefa consistente:</p> <ul style="list-style-type: none"> - ou nun vídeo explicativo dunha parte da materia e nun cuestionario con autocorrección e unha tarefa escrita relacionados co vídeo, que deben entregar a través da aula virtual, seguindo un esquema similar ao do traballo na aula . -ou nunha lectura relacionada cos estándares traballados na 1ª e 2ª avaliacións. <p>Devólvenselles corrixidos todos os días.</p> <p>O alumnado coa 1ª e 2ª avaliacións suspensas realizará actividades de recuperación relacionadas cos estándares non superados, que se colgarán, entregarán e corrixirán a través da aula virtual ou do correo electrónico.</p> <p>Mantense un contacto constante co alumnado a través da aula virtual ou o correo electrónico para resolver dúbidas, realizar correccións e intentar que manteñan o interese pola materia.</p>
Materiais e recursos	<p>Vídeos explicativos elaborados polo departamento.</p> <p>Aula virtual.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Material impreso elaborado polo departamento.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase ao alumnado e ás familias a través do correo electrónico, a aula virtual e a páxina web do centro.
Publicidade	Publicación na páxina web do IES de Quiroga.